

Xurxo Martínez González

Nación, literatura, identidade: o caso do provincialismo galego e a proposta de Murguía

Itinerarios. Revista de estudios lingüísticos, literarios, históricos y antropológicos nr 20, 49-70

2014

Artykuł został opracowany do udostępnienia w internecie przez Muzeum Historii Polski w ramach prac podejmowanych na rzecz zapewnienia otwartego, powszechnego i trwałego dostępu do polskiego dorobku naukowego i kulturalnego. Artykuł jest umieszczony w kolekcji cyfrowej bazhum.muzhp.pl, gromadzącej zawartość polskich czasopism humanistycznych i społecznych.

Tekst jest udostępniony do wykorzystania w ramach dozwolonego użytku.

NACIÓN, LITERATURA, IDENTIDADE. O CASO DO PROVINCIALISMO GALEGO E A PROPOSTA DE MURGUÍA¹

Resumo: Ao longo do século XIX foise configurando o discurso nacionalista nas súas distintas fases ou expresións (provincialismo e rexionalismo). A literatura desempregaría unha función central para os intereses do provincialismo posto que axudou a configurar un imaxinario común e funcionou como unha ferramenta da cohesión social da comunidade que comparte lazos históricos, costumes ou lingua. A teorización nacional de Galiza axudou a desenvolver a constitución dun (proto)sistema literario, a doutrina política reclamaba a literatura como un escaparate da diferencialidade con respecto ao Estado español. Os trazos que os provincialistas recalcaron como distintivos de Galiza tiveron unha especial presenza na produción literaria. Pero tamén queremos no presente artigo atender ás redes de sociabilidade que se estableceron entre os distintos suxeitos da *intelligentsia* galega, así como poñer algúns exemplos de espazos de relación social. Por último consideramos oportuno atender ao papel desenvolto pola prensa, á aparición da opinión pública e, concretamente, os artigos publicados en dous xornais de distintas épocas por parte de dous destacados líderes provincialistas: Antolín Faraldo e Manuel Murguía. Porque nestas colaboracións explicarían ou trazarían as liñas mestras do que sería a literatura galega ou a configuración do sistema literario galego.

Palabras chave: Rexurdimento, Antolín Faraldo, Manuel Murguía, sistema literario galego, literatura galega

Title: The Literature and the Construction of Galician Identity during the Nineteenth Century

Abstract: Throughout the XIX century was establishing the nationalist discourse in different stages (provincialism and regionalism). Literature unfold a central role to the interests of provincialism since helped establish a common imaginary and functioned as a tool of social cohesion in the community that shares historical, customs or language. Galician literary system was liable to pay the national theory of Galicia since the political doctrine claiming to showcase literature as difference from Spain. The features that the provincials noted as distinctive of Galicia had a special presence in the literary production. But in this article we want to attend to social networks that are established between individuals of the Galician *intelligentsia* and give some examples of spaces of social relations. Finally we consider appropriate to take the role played by the press, the emergence of public opinion and the articles published in two newspapers of different times by two prominent leaders provincials: Antolin Faraldo and Manuel Murguía. Because these collaborations explain the lines of what would Galician literature ou the Galician literary system configuration.

Key words: Rexurdimento, Antolín Faraldo, Manuel Murguía, Galician literary system, Galician literature

¹ Queremos expresar o noso agradecemento á profesora María do Cebreiro polas súas suxestións e apuntamentos.

O papel desempeñado pola literatura na construción e difusión do discurso identitario de Galiza resultou indispensable, como é ben sabido. “O discurso literario cumpre un papel determinante como institución social e como depositario do imaxinario colectivo” (González-Millán 2000: 27). Así aconteceu noutras culturas en que a literatura ocupou/ ocupa un lugar senlleiro para crear, soste e lexitimar unha doutrina nacionalista. Nós queremos destacar dous motivos, debedores da teoría nacionalista que gurgulla dende inicios do século XIX, que xustifican esta importancia para o caso que nos atinxe: a fixación de elementos centrais do repertorio cultural que están a disposición do colectivo e que, coa súa consolidación no transcurso histórico, conformarán parte dun imaxinario común recoñecido pola meirande parte dos suxeitos dese pobo; e a función da literatura como factor cohesivo a nivel social e cultural da nación ao situar os trazos diferenciais que a caracterizan e distinguen fronte os doutros sistemas alleos².

A perspectiva construtivista da nación outórgalle un espazo destacado á literatura e aos produtores de cultura pola función social que realizan. Para o caso galego, a obra literaria servía tamén como expresión escrita dunha lingua deostada e desconsiderada no status de idiomas con rango oficial ou validadas por institucións recoñecidas como podían ser as academias de letras. En definitiva, o enfrontamento de lingua versus dialecto (na acepción pexorativa).

Polo tanto, nos primeiros decenios da Galiza decimonónica o sentido común (xerado mediante determinados mecanismos históricos) consideraba o galego como un elemento inferior en relación ao castelán e incapacitado para a elaboración de arte culta³. Pero tamén comprendía que a escrita nesta lingua dificultaba a eito o ascenso do escritor ou escritora nos círculos culturais de prestixio (na primeira metade do XIX estaban moi concentrados nos liceos e ateneos de Madrid) e a súa inclusión nos ámbitos onde se canonizan a obras e artistas. Reparemos en autores de orixe galega, como Nicomedes Pastor Díaz que, malia deixarnos exemplos de creación no noso idioma, asumía o castelán como a lingua de expresión literaria.

Porén, o propio Pastor Díaz, no discurso dado en *El Liceo* da Coruña en 1846, afirmaba: “Si Galicia pudo dejar de ser alguna vez mi patria política, era siempre mi patria literaria, porque era mi patria natural” (1867: 287). Literatura galega escrita en lingua castelán que adoito se alcumaba como “literatura costumista”. Neste sentido non podemos deixar de reivindicar que para unha completa historia da literatura contemporánea deberemos considerar a literatura escrita en castelán para comprender a temática, estética ou debates vixentes na Galiza literaria daquel entón. En certo sentido aténdese máis á idea do “xenio nacional” (que atopamos no *Diccionario de escritores gallegos* de Mur-

² Even-Zohar describe o concepto de cohesión socio-cultural: “sentimiento ampliamente extendido de solidaridad, de sentirse estrechamente unidos, entre un grupo de personas; estado que, por consiguiente, no necesita una conducta impuesta por la simple fuerza física. Me parece que el concepto clave para esta cohesión socio-cultural es el de disponibilidad” (1994: 360).

³ A meirande parte dos textos editados a principios do século XIX responden ao contexto do combate entre liberais e absolutistas, polo cal terán un marcado carácter propagandístico. Será no período do provincialismo da década dos 40 cando abrollen publicamente uns textos produto dunha vontade literaria e creativa. Verbo da escrita editada a finais do xviii e inicios do xix recomendamos *Papés d'emprenta condenada* (I) e (II). Tamén nesta mesma revista se pode consultar o traballo de Maria Boguszewicz (2009).

guía) ca o criterio filolóxico para fixar a fronteira da literatura galega. Unha proposta que mudará segundo avance o século XIX e tanto as vicisitudes políticas como as culturais.

Reparemos na figura de Aurelio Aguirre (que nos deixou un único e anecdótico poema en galego, con certo interese lingüístico, dentro da súa ampla obra malia o seu temperán falecemento) como unha peza chave para coñecer algunhas características do ambiente d' *El Liceo de la Juventud* e a propia relación entre política e literatura (Banquete de Conxo)⁴. Anxo Tarrío tamén subliña a necesidade de “dar entrada a obras de expresión castelá no patrimonio literario galego, xa que doutra maneira teríamos que deixar fóra figuras, axentes culturais, quero dicir, que foron decisivas na conformación dos discursos cultural, ideolóxico e político galeguistas, e títulos concretos de obras que foron producidas dende unha evidente vivencia de galeguidade” (2004: 449)⁵.

Perante aquel discurso dominante comezará o proceso de reivindicación cultural que foi (e é) parello ao proceso de reivindicación política dunha nación periférica como a galega. Porén, a función da lingua non se pode desaparellar doutros elementos que conforman o discurso identitario. Sinalar en exclusiva o criterio filolóxico como a cerna das primeiras afirmacións nacionalistas empequeñecería todo unha rede discursiva trazada no tempo que inclúe factores políticos, económicos, sociais ou mesmo raciais (elemento celta). Emporiso nós, no presente artigo, centrámonos na influencia da doutrina nacionalista na configuración da cultura galega (principalmente lingüística e literaria) nunha complexa e variada relación con outros elementos constitutivos da citada teoría galeguista.

Os axentes socio-semióticos, denominados así por Itamar Even-Zohar⁶, iniciaron a partir de 1841, coa aparición da prensa provincialista e a participación no debate da opinión pública (sen esquecermos ou obviarmos os puntuais precedentes), a construción dun discurso identitario que disputaba o sentido común instalado na propia comunidade á cal se dirixía o devandito discurso. Polo tanto, esta proposta alternativa (unha embrionaria estratexia de resistencia) era considerada un estigma (posición dominada) xa que a proposta lexítima era a instaurada polo poder dominante ao longo do tempo. Esta situación de partida esixía unha intervención consciente (non sempre ben recibida pola elites e camadas populares) para mudar os termos, co obxectivo de converter a posición subalterna nunha posición hexemónica dentro do novo (proto)sistema literario que se ía lindando. Unha intervención que derivaba inescusabelmente nun combate como sostén Anxo Tarrío:

Polo que fai á literatura galega, [...], o proceso da súa xénese tivo que desenvolverse en continuo confronto estratéxico e repertorial coa denominada por antonomasia “literatura española” [...]. Os axentes literarios que propugnaron e avogaron por unha literatura en lingua galega tiveron que opoñerse decote á hexemonía, moitas veces excluín-te, minorizadora e prepotente da literatura concibida dende mentalidades

⁴ Para coñecer a obra e a figura de Aurelio Aguirre cf. *Recuerdos de agosto. Obra poética 1850-1858* (2013).

⁵ Emporiso, para fixar a nosa posición, entendemos por literatura galega a escrita na lingua propia de Galiza pero que o seu estudo precisa de todo tipo de material para a súa mellor comprensión como vimos de dicir.

⁶ “Un pequeno grupo de personas, que llamaré «agentes socio-semióticos», popularmente conocidos bajo la denominación de «escritores», «poetas», «pensadores», «críticos», «filósofos» y similares” (Even-Zohar 1994: 369).

centralistas e uniformadoras, que se poden situar simbólica e xeoliterariamente en Madrid. (Tarrío 2004: 448)

O natural naquel entón era asumir o castelán como a lingua literaria aínda que o impacto da estética romántica introduza novas propostas e nos obrigue a matizar este punto⁷. Cando se postula a posibilidade de realizar literatura galega e en galego o que se expresa era un envite ao *habitus*⁸ do sistema literario español, rachar coa oficialidade que exercía o poder. Ao mesmo tempo, a escrita nesta lingua actuaba de xeito discriminatorio ao enunciar un elemento do sistema literario galego que o afastaba do dominante que era o español. Logo, este esforzo de transformación é o resultado dun principio de acción e de intervención na orde social levada a cabo por determinados axentes socio-semióticos e que se demorará en consolidarse canto menos até finais do s. XIX e inicios do s. XX. Non é, pois, un feito espontáneo nin unha evolución esencialista.

Neste punto non podemos obviar as propostas para crear un marco intermedio de aceptación e recoñecemento de todas as linguas peninsulares. Na segunda metade do século decimonónico xorden lecturas plurais e integradoras da realidade cultural peninsular e, sobre esta realidade, preténdese crear un sistema literario dialectal ou rexional que xerará un intenso debate no período da Restauración e o nacemento do rexionalismo organizado politicamente de maneira autónoma⁹.

O idioma desempeñou unha función central no artellamento do discurso identitario. O profesor González-Millán escribía: “pode afirmarse que os ensaios normativos de Fichte e Herder sobre a lingua e a cultura nacional alemanas iniciaron unha vía importante para articular unha determinada concepción das formacións nacionais” (1998: 5). O afrancesamento da corte xermana de Federico II, a desintegración do Sacro Imperio Románico Xermánico e a invasión de Napoleón presentaron un contexto histórico bacular para que as propostas de Herder e Fichte callaran entre a elite cultural. Foi tamaño a fe, crenza ou paixón no idioma que o propio Fichte, nos seus *Discursos á nación alemá*, sostíña que “non son os homes quen forman a lingua, senón a lingua a que os forma a eles”. Ademais, poucos anos despois e dentro do debate político sobre a unificación de Alemaña, se situaba a controversia do idioma xermano na discusión sobre a Grande Alemaña (*Großdeutschland*) e da Pequena Alemaña (*Kleindeutschland*).

Así, o criterio filolóxico adoptou ao longo do tempo funcións simbólicas e cruciais para o desenvolvemento dos procesos nacionais. Incluso resultou, en circunstancias peculiares, o elemento central da reivindicación nacionalista fronte a outros factores (raciais, relixiosos ou económicos). A lingua convertíase devagar nunha das xustificacións

⁷ A lingua natural (*naturalsprache*), entendida como dialecto, considerábase máis achegada ao real e ao orixinal por parte dalgúns autores románticos, como o inglés Wordsworth ao referirse á “fala rústica”. Unha sorte de ligazón entre o espírito e a natureza.

⁸ Pierre Bourdieu define *habitus* como un “sistema de disposicións duraderas y transferibles [...] Principios generadores y organizadores de prácticas y representaciones que pueden estar objetivamente adaptadas a su fin sin suponer la búsqueda consciente de fines, y el dominio expreso de las operaciones necesarias para alcanzarlas” (1991: 92).

⁹ Este escenario é analizado na aínda inédita tese de doutoramento de Álex Alonso Nogueira, quen tivo a ben facilitarnos.

da diferenza nacional para distintas nacións europeas (constituídas ou non en estados independentes)¹⁰ tanto en canto era un dos factores públicos máis doados de percibir, con maior carga afectiva e emocional e, á vez, de contrastar cos doutras culturas.

No Rexurdimento adoitábase citar como figuras representativas do pasado da “literatura provincial” a Afonso X O Sabio, Macías O Namorado e a Rodríguez de Padrón. Os axentes que participaron no renacer moderno de Galiza non accederon até case o último terzo de século aos textos da literatura medieval galega¹¹, que supuxo a confirmación da sospeita dunha etapa esplendorosa de Galiza onde o idioma foi obxecto de respecto e imitación internacional (o que de feito supón un engado de prestixio que se empregaría dentro do discurso constitutivo)¹². A literatura en lingua galega comezará dentro do Rexurdimento unha fase ascendente no seu uso e valoración para situarse en lingua de cultura, obxectivo que se consolidaría na denominada por Ramón Villar Ponte Xeración do 16 (ou, como é máis coñecida, Xeración Nós). Coidaban que non existía tradición literaria antes da deles e, por esa razón, Murguía sostiña que “una verdadera noche reinaba en el cielo literario de Galicia”¹³.

No século XIX a *intelligentsia* galega realizou un traballo de contención, depuración e reformulación de determinados elementos distintivos de Galiza que se observaban como pexas e non como atributos. De tal xeito, que incluso certo capital simbólico negativo, considerado así polos axentes dominantes do campo literario español e inoculado no propio pobo (mírese o caso da lingua, paisaxe ou costumes ridiculizados en varios textos da época dos Séculos Escuros e incluso de inicios do XIX), sofre un proceso de intervención consciente para convertelo en capital simbólico positivo. O resultado foi exitoso xa que se produciu unha mudanza na percepción destes elementos por parte da propia comunidade nacional afectada ou aludida.

Esta transformación prodúcese no sendeiro da loita política que realizan os provincialistas de primeira hora. Entendemos, pois, que a carón do combate sociopolítico tamén se daba un combate cultural do cal non son alleas as operacións do nacionalismo literario. Máis adiante introduciremos o debate sobre a dupla lealdade ou o patriotismo compartido para analizar con máis atención este asunto.

Antón Figueroa alertaba dos atrancos que supoñía o poder extraliterario da literatura galega: “un poder certamente forte, pero heterónimo, de carácter político, que

¹⁰ Esta aseveración non dribla as advertencias e críticas ao criterio do nacionalismo filolóxico feitas por González-Millán no artigo “O criterio filolóxico e a configuración dunha literatura nacional: achegas a un novo marco de reflexión” (1998). Porén, para o noso concreto obxecto de estudo (a construción nacional a partir da literatura no século XIX) coidamos que este enfoque do tema lingüístico axuda a comprender o esforzo colectivo de exaltación e recuperación culta do galego realizada no Rexurdimento.

¹¹ Dúas obras que difundiron a produción medieval galega foron *El idioma gallego* (1886) de Antonio de la Iglesia, e a *Historia crítica de la literatura gallega* (1887) de Augusto González-Besada.

¹² Sobre a importancia da lírica medieval galega neste tema resúltanos especialmente interesante o artigo de Santiago Gutiérrez, “La lírica gallegoportuguesa en los procesos de hegemonización y canonización de la literatura gallega”.

¹³ Porén eran coñecidos, copiados e distribuídos versos en galego do Padre Sarmiento ou do Cura de Fruíme mais non tiñan para Murguía, que foi o verdadeiro impulsor do que debía ser o sistema literario galego, suficiente interese literario ou creativo. Pensemos tamén que o teórico nacionalista aplica uns criterios fortemente subxectivos en todas as análises como sucede arestora na cuestión estética e no seu concepto de teorización nacional de Galiza.

ó mesmo tempo dificultaba, e, na proporción da súa importancia, atrasaba a súa constitución en literatura à part entière, é dicir, en campo autónomo” (2001: 115). Mais precisamente para unha nación periférica que comeza a edificación da súa autonomía en todos os eidos, a acción política tornábase central para crear as condicións propicias de produción e aceptación dunha literatura nativa: “a inicial heterodoxia lingüística e política (que *contaminaba* heteronomamente a literatura) era a que posibilitaba que a literatura galega tivese un día a posibilidade de constituírse realmente nunha literatura nacional autónoma” (115)¹⁴. Con todo, a meirande parte dos escritores e escritoras oitocentistas puxeron a súa obra (de maneira directa ou indirecta) ao servizo da causa nacionalista, daquilo que Antolín Faraldo definiría como a grande obra.

En conclusión, a literatura galega decimonónica (re)nace moi vencellada á iniciativa política e actúa como peza emerxente, cando non discrepante, dentro do sistema literario español (como tamén sucede co caso catalán e a Renaixença) que aspira no transcurso temporal a constituír un campo autónomo. Así, neste estudo, trataremos de sinalar aqueles factores históricos, sociais e culturais que estiveron presentes no ambiente do Rexurdimento e, en particular, no traballo de constituír un sistema literario propio.

O REXURDIMENTO. O FRACASO DA NACIONALIZACIÓN ESPAÑOLA E A REACCIÓN PERANTE O DESPREZO

En boa medida o Rexurdimento tivo un cariz de movemento contestatario. As humillacións e mofas das cales eran obxecto a cultura, os habitantes, a paisaxe ou a climatoloxía (“á la abundancia de lluvias, que ha sugerido á los poetas el apellidar á Galicia el *orinal* de España”; Caballero 1864: 39)¹⁵ atoparon un contradiscurso, tecido devagar, por un fato de persoas dispostas a xerar a afirmación a partir de ou como resposta á negación¹⁶. En consecuencia, encargáronse de configurar as liñas básicas do contido da demanda nacionalista que afectarán dende o inicio á literatura na medida en que esta se pon ao servizo da afirmación nacional. Por ende, serán os responsábeis de constituír un imaxinario cultural de identidade e unha memoria discursiva (que realiza operacións de inclusión e exclusión) que sirva como ferramenta de cohesión e delimitación da comunidade colectiva¹⁷.

Para nós é importante fixar o concepto de Rexurdimento ante as distintas definicións e ofertas cronolóxicas realizadas pola investigación. O principal concepto é asumir que o renacemento moderno foi un proceso e, dese xeito, tivo unha dinámica singular xerada polos propios suxeitos que se integraban nel (o que procreaba unha tensión produtiva) e condicionada por factores externos (económicos, políticos, culturais etc.). O Rexurdimento non se cingue a unha data (1863), nin a unha autora (Rosalía de Castro) nin a un libro concretos (*Cantares gallegos*) senón que acolle todo o proceso de acumulación de experiencias pre-

¹⁴ A cursiva está no orixinal.

¹⁵ A cursiva está no orixinal.

¹⁶ O historiador Justo Beramendi fala de reacción contra o que denomina “síndrome da aldraxe”.

¹⁷ Neste sentido é relevante o papel desenvolto por Manuel Murguía como máis adiante examinaremos.

vias, bens e capitais simbólicos que servirían para a rehabilitación da cultura galega como expresión dun pobo pero tamén para a rehabilitación completa do propio país marxinado durante séculos nas decisións políticas que marcaron o seu rumbo. Non concibimos o Rexurdimento exclusivamente como un proceso literario divorciado dos outros procesos socioeconómicos e culturais aínda que no presente traballo nos centremos neste aspecto.

De igual maneira consideramos que alén de escritores, pintores ou músicos tamén houbo unha importante achega dende o campo científico (por exemplo o boticario Suárez Freire, o matemático José Rodríguez ou o xeógrafo Domingo Fontán) non en canto a súa produción estritamente científica (que tería unha dimensión alén fronteiras) pero si a que estas persoas compartiron a preocupación pola defensa e progreso de Galiza colocando o seu prestixio e obra para a exaltación do antigo reino. Con esta alusión pretendemos advertir que no Rexurdimento participaron suxeitos que non se circunscribían unicamente ao ambiente literario ou artístico galego. Polo mesmo, o nacemento dunha conciencia de identidade propia temos que retrasala, con respecto ás teses oficiais que a sitúan no provincialismo da década dos 40, até canto menos a fundación da Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago de Compostela en 1784, onde xa se percibe o gurgullar dunha intencionalidade clara de estudar os problemas do pobo galego para ofrecer as solucións que facilitasen o avance social, económico e cultural de Galiza¹⁸.

A ligazón dunha persoa como Pedro Antonio Sánchez Vaamonde (fundador e principal promotor desta última institución) co Real Consulado da Coruña (á cal pertencía)¹⁹ debe ser consideradas á luz da sociabilidade e da expansión das ideas²⁰. No Real Consulado encontrámonos con Lucas Labrada²¹ ou o historiador Vereá e Aguiar²², quen introduciría a tese céltica na formación histórica de Galiza que posteriormente tomarían como elemento identitario Antolín Faraldo, Benito Vicetto ou Manuel Murguía, que son tres figuras centrais para a teoría do discurso nacionalista ora expresado como provincialismo, ora expresado como rexionalismo. Mais tamén podemos considerar a relación de Sánchez Vaamonde con figuras da época coma María Francisca de Isla²³, Pedro Boado²⁴ ou José Cornide²⁵, todas elas unidas á cultura galega e á defensa do país.

¹⁸ Como exemplo citemos os traballos de temática social e economía galegas de Sánchez Vaamonde, quen pulou por unha biblioteca pública para “adelantar y perfeccionar la Ilustración en el Reino de Galicia”.

¹⁹ A nutrida biblioteca de Sánchez Vaamonde foi doada ao Real Consulado segundo o testamento do clérigo, no cal se nomeaba a José Boado (irmán de Pedro Boado) como bibliotecario e do cal foi testamenteiro Suárez Freire.

²⁰ Para a investigación da historia da literatura e da historia social é imprescindible incorporar a análise da sociabilidade nos termos expresados por Maurice Agulhon, é dicir, a sociabilidade ligada á modernización e ao avance dos principios democrático-liberais emanados da Revolución Francesa onde as asociacións, parladoiros e institucións actuaron como espazos de debate produtivo.

²¹ Secretario do Consulado e autor da *Descripción económica del Reyno de Galicia* (1804).

²² Autor da *Historia de Galicia* (1838) e presidente da Deputación Arqueolóxica Galega, da cal era secretario o destacado provincialista Neira de Mosquera.

²³ Autora do coñecido como *Romance ao Cura de Fruíme* (1774-1777).

²⁴ Autor dun texto en galego titulado en castelán *Diálogo entre dos labradores gallegos afligidos y un abogado instruido* (Ourese, 1823) e que tería unha segunda edición en 1841 baixo o título *O tío Farruco* (e que levaría por subtítulo *Diálogo entre dos labradores...*). Repárese que as datas coinciden con dous períodos de goberno progresista.

²⁵ Autor do soneto “A Filida” (1761), entre outras mostras de versos en galego.

Con esta exposición de complexas e pouco exploradas redes interpersoais queremos poñer de relevo a importancia de comprender o traballo das xeracións previas como fontes de referencia para os que veñen despois. É dicir, que os estudos realizados polos precedentes (por moi secundarios ou circunstanciais que nos poidan parecer inicialmente) teñen unha notoria influencia nos predecesores. É imposíbel, para nós, imaxinar que os líderes do provincialismo non tivesen constancia ou noticia da tarefa dos máis inmediatos devanceiros. Por este motivo coidamos proveitoso afondar nunha liña investigadora centrada na sociabilidade, practicando un método empírico, xa que nos deitará luz para comprender procesos, relacións e feitos concretos. A historia técese por medio dun fío dialóxico e sempre hai persoas que se encargan de manter a memoria, aínda que sexa selectiva e en formato oral ou escrito, para presentala como o espazo común que serve de mostra, entre tantas outras, dos lazos que unen aos habitantes dun determinado territorio por medio do pasado compartido, entre outras razóns. Non debe, pois, estrañarnos a publicación de traballos nos cales se enumera ilustres figuras na historia galega e española que nacesen nesta terra atlántica. Na *Historia de Galicia* (1838) de Vereá e Aguiar encontramos o apartado de “Noticias de varios de los escritores, y de personas que han tenido los mayores destinos en la España, y otros ingenios naturales ú oriundos de la Galicia”; as “Glorias de Galicia”, apartado incluído en *Manual del viajero en la Catedral de Santiago* (1847) de Antonio Neira de Mosquera; o *Diccionario de escritores gallegos* (1862) e, sobre todo, *Los precursores* (1886) de Manuel Murguía, as “Semblanzas galaicas contemporáneas” de Benito Vicetto publicadas na *Revista Galaica* en 1874 ou a *Galería de gallegos ilustres* (1874-1875) de Teodosio Vesteiro Torres. A selección de nomes é en si mesmo un acto constitutivo da memoria discursiva da nación galega.

Mais volvamos ao fío anterior que facía mención ao artellamento do contradiscurso. No canto de atopármonos cunha doutrina política inclusiva xerada dentro do liberalismo español, que se abría paso ante os cascallos do *Ancien Régime*, alzouse unha tendencia maioritaria que discriminaba, desprestixiaba ou secundarizaba as culturas periféricas e todo aquilo que non estivese validado na metrópole. Seguramente o peso institucional e o poder exercido durante longos anos polos sectores conservadores do liberalismo (o moderantismo) tivo unha influencia notábel nesta percepción da diversidade estatal. A concepción católica, unitaria, militarista e retrógrada do Estado español distinguía a ideoloxía conservadora e que foi posta en marcha nos anos centrais da conformación do sistema liberal español. Pola contra, reparemos que dentro do progresismo existía unha veta partidaria do federalismo (debedora en boa parte do xuntismo posto en acción durante a francesada) que se ía configurando até a experiencia da Primeira República Española²⁶. Así non pode estrañarnos que un continxente destacado de provincialistas militasen ou simpatizasen con esta última alternativa política (Antolín Faraldo, os irmáns Rúa Figueroa, o primeiro Romero Ortiz, Francisco Añón, Pío Rodríguez Terrazo

²⁶ Porén, o debate aberto sobre o carácter federal do Estado español e o posterior fracaso da República estableceron uns dos marcos que levou á aparición do catalanismo (e por extensión ás expresións protonacionalistas daquel entón). Estas novas opcións optaron por distanciarse do federalismo republicano español para fundar organizacións estritamente ligadas a cadansúa nación. En termos actuais, organizaron politicamente o emerxente nacionalismo.

etc.) como faría tamén a seguinte xeración (Manuel Murguía, Aurelio Aguirre, Eduardo Pondal, Juan Compañel, Alejandro Chao etc.)²⁷.

Se inicialmente os liberais españois concibiron unha idea de nación como o espazo onde a cidadanía puidese exercer os seus dereitos cívicos e políticos, onde manifestas as demandas individuais e colectivas, logo a substituiría (da man fundamentalmente do moderantismo político e cultural) por unha idea de nación que privilexia no eido político-cultural a indiscutíbel e única identidade española. A cesura márcaa a experiencia republicana de 1873 e a seguinte fase da Restauración.

O historiador catalán Borja de Riquer ten introducido no debate historiográfico do século XIX a tese do fracaso do proceso nacionalizador español que ía parello á edificación do sistema liberal. De Riquer fala dunha nacionalización de baixa intensidade ou unha feble nacionalización²⁸ e advirte verbo da incapacidade dos resortes do Estado de superar a fronteira que arredaba a elite cultural (que si foi quen de elaborar esa proposta nacionalizadora) das camadas populares ou doutros estancos do eido cultural quen non acabaron por asumir o devandito discurso²⁹.

Parécenos oportuno reproducir esta extensa cita para facérmonos idea do que propón o citado investigador catalán:

El paper otorgat a les altres llengües existents a Espanya –el catalá, el gallec i el basc– era clar, en teoria: s'en podia tolerar l'existència, però sempre en una situació de total subordinació i sense cap mena d'oficialització ja que eren vistes com uns símbols del passat tradicional que s'havia de superar [...]. Al contrari del que va a passar a França, a Espanya la nacionalització lingüística no va ser eficaç, perquè no tenia un projecte cívic i polític de futur que fos realment atraient i cohesionador, perquè l'Estat no hi possava els instruments necessaris –escolaes, mestres, mitjans materials, etc.– i perquè el país es trobava en un estadi de desenvolupament económic i social molt inferior al francès. [...] La realitat fou que a les darreries del segle XIX *persistia l'ús massiu parlat, i en menor mesura escrit, de les llengües pròpies*; en una clara situació de diglòssia, així sí, ja que el castellà era l'única llengua oficial, la de l'alta cultura i de l'escola oficial. (2000: 37)³⁰

²⁷ Deste tempo botamos en falta un estudo detido sobre a militancia dos provincialistas no Partido Progresista. Máis aínda chamamos a atención dun estudo semellante pero centrado no Partido Demócrata (fundado en 1849 como escisión do Partido Progresista) que tivo unha especial implantación en Galiza onde destacaron líderes como Eduardo Ruiz Pons (protector de Aurelio Aguirre) ou Eduardo Chao (que tería unha estreita relación con Manuel Murguía e Rosalía de Castro).

²⁸ “En història contemporània per *nacionalització* hem d'entendre el complex proces social pel qual diferents col·lectius acaben acceptant, de manera més o menys explícita, una «nova consciència» de pertinença a una comunitat definida ja com a «nació». Aquest procés implicava tant una evident integració política, cultural, lingüística i ideològica con la identificació amb les noves institucions liberals, amb els seus signes i els seus símbols, i també amb el discurs històric que ho justificara tot” (De Riquer 2000: 23)

²⁹ Josep Maria Fradera representaría o outro polo ao refugar a tese da feble nacionalización e apuntar o concepto de “duplo patriotismo” ou “lealdades compartidas”, termo recollido e explicado no seu volume *Cultura nacional en una sociedad dividida. Cataluña 1838-1868* (1992).

³⁰ A cursiva está no orixinal.

Esta descrición, tanto da consideración “folclórica” das culturas así como da incapacidade do Estado de crear unha doutrina de elementos comúns que se introducise nas masas populares de todos os pobos que o integran, sérvenos tamén para analizar ese fracaso nacionalizador en Galiza. Isto é, coidamos que ademais dos enormes índices de analfabetismo (que non foron corrixidos polas instancias políticas) nos atopamos co enorme espallamento poboacional que complicaría as redes de comunicación deste plan de identificación co novo sistema liberal. Non debemos deixar á marxe algúns factores económicos como causantes do desafecto, co liberalismo español xa que as medidas deste tipo adoitaban ser contrarias os intereses dunha burguesía galega (fundamentalmente concentrada nas zonas costeiras e de orixe levantino) que pretendía industrializar o país e que, en consecuencia, mantiñan unha desafección ao discurso oficial³¹.

Pero o resultado das políticas centralistas aplicadas polo Goberno de Madrid, baixo o mando dos moderados, tivo unha especial relevancia á hora de propulsar a organización pública do provincialismo. Como é habitual temos que citar a reforma administrativa e territorial ideada por Xavier de Burgos en 1833 e que implicaría a desaparición formal do antigo Reino de Galiza. Pero tamén temos que destacar a creación da figura do xefe político, da Garda Civil (como brazo militar rival da Milicia Nacional que tiña unha relación directa cos concellos, por tanto, un órgano descentralizado) ou da lei Moyano de educación de 1857 (que inculcaba entre as novas xeracións o discurso educativo e cultural co castelán como única lingua oficial). O provincialismo galego, como formulación dun nacionalismo en obras, salta á luz pública no trampolín da prensa nun intre sinalado: o ascenso ao poder de Espartero en 1840, o líder militar da opción do Partido Progresista (oposto a Narváez, esoutro militar opción dos moderados)³².

O progresismo no poder agrandou as liberdades e os dereitos. Isto facilitou o xurdir dun elenco notábel de xornais provincialistas e tamén a constitución da Academia Literaria, protexida polo mesmo capitán xeneral de Galiza, Martín José de Iriarte (un dos homes de confianza de Espartero). Entón, a relación entre o progresismo e a aparición pública do provincialismo é moi evidente. De feito, de todos os cabezallos xornalísticos editados entre 1841 e 1845 só dous se poden adscribir claramente a alternativas moderadas (o coruñés *El Centinela de Galicia*, 1843; e o compostelán *La Aurora de Galicia*, 1845). O resto estaban incluídos na receita do progresismo político (os composteláns *El Idólatra de Galicia*, 1841-1842; *El Emancipador Gallego*, 1842; *El Recreo Compostelano*, 1842-1843; *El Porvenir*, 1845; o pontevedrés *Las Musas del Lérez*, 1842; o coruñés *El Fomento de Galicia*, 1845).

³¹ Na chamada Revolución de 1846 participaron algúns destacados industriais de Vigo que esixían o desestanco do sal. Xa en 1843 tres representantes dos fomentadores de Vigo (Agustín Curbera, Francisco Tapias e Pedro Mártir Molins) publicaran na imprenta da familia Compañel o folleto titulado *La sal ó memoria comparativa entre los males que ocasiona su estanco y arrendamiento, y las ventajas de su desestanco y libre comercio*. Esta medida aprobaríaa o goberno central revolucionario (*Junta Superior del Gobierno de Galicia*) no cal se encontraba Ramón Buch (figura sobranceira entre os industriais vigueses).

³² Denantes da década dos 40 xa se percibe un ambiente propicio á reivindicación do poder e dunha certa autonomía do Reino de Galiza. Neste sentido cumpriría afondar na época da francesada, nos posteriores intentos de levantamentos liberais durante o Sexenio absolutista de Fernando VII (1814-1820) e xa de maneira moi particular no Trienio Liberal (1820-1823) para cotexar deica onde penetrou este reclamación.

Pero, con certeza, o lector ou lectora decataríase da case unánime referencia a Galiza nos propios títulos e que nós entendemos como o resultado ou a mostra desa preocupación por facer valer o nome do antigo (e xa desaparecido) Reino de Galiza, como un xeito de enxalzalo cunha dimensión de suxeito colectivo (o pobo galego).

OS NOVOS ESPAZOS DE SOCIABILIDADE E A OPINIÓN PÚBLICA: ACADEMIA LITERARIA E *EL PORVENIR*

O florecer da prensa da década dos 40 trouxo consigo unha importante innovación sociocultural na vida galega: a participación do provincialismo periodístico na novísima opinión pública literaria e política. Se ben podemos situar nos salóns ou boticas de finais do século XVIII e nos anos de combate contra a invasión francesa (en que saíron á luz varios xornais editados na nosa terra) como o período de nacemento da opinión pública literaria, pola contra non podemos afirmar que aquela primeira e pioneira prensa galega expresase nin os contidos identitarios nin a vocación de elaborar unha doutrina provincialista que si se percibe nas cabeceiras da década dos 40 que vimos de citar hai pouco. Isto non refuta a nosa tese de contemplar un latexante provincialismo previo, senón que a prensa tiña unha outra función principal encomendada (pugna ideolóxica entre liberais e absolutistas) e porque Galiza posuía institucións propias aínda que aletargadas³³.

Houbo unha mudanza discursiva e temática. Na prensa provincialista atopamos poeas en galego, investigación do pasado, relatos históricos, alusións a figuras galegas que servisen de modelo para a exaltación de Galiza (por exemplo, o Padre Feijoo) etc. Porque, se cadra, unha das variábeis máis influíntes que provocaron este troco nos contidos xornalísticos foi o impacto do romanticismo entendido como un vivo interese polo propio e natural dun pobo (o galego).

Non é agora a nosa intención abrir un espazo de reflexión sobre o fenómeno romántico no noso territorio. Porén non é un asunto menor no que atinxe ao proceso de toma de conciencia da diferencialidade e, por extensión, no proceso de construción do discurso identitario. O romanticismo galego, do cal se discute a súa existencia como expresión autóctona pero que nós non imos arestora avaliar, está presente en numerosos suxeitos (destacan Benito Vicetto e Antonio Neira de Mosquera) que ocupan un lugar central no Rexurdimento e un posto de mando no artellamento teórico do imaxinario cultural de identidade.

No romanticismo atopamos unha afirmación do propio fronte á universalidade que ofrecía o neoclasicismo. En Alemaña elabórase o concepto do *Volksgeist* que enraizou en distintos territorios europeos incluído a Fisterra atlántica. A *intelligentsia* nativa presta especial atención aos elementos que son producións netamente populares: os costumes, as cantigas, as lendas ou a lingua. Todas estas pezas resultaban marcas de distinción ante outras culturas e devagar foron empregadas como razóns políticas da distinción nacional. Razóns que permitían afirmar ou elaborar unha tese provincialista que co tempo

³³ A desaparición formal do Reino de Galiza acontece en 1834.

marcase a distancia coa tese oficial dunha única identidade (a española elaborada en Madrid) que se fermentaba, en parte, como reacción á auxe dun provincialismo político que facía reivindicacións na esfera pública e que devagar uniría a lingua ao repertorio das demandas e dos factores diferenciais. Mais tamén creaba a atmosfera e propiciaba unha opinión pública partidaria do noso, é dicir, de prestarlle atención ao que até entón fora desconsiderado por parte do poder hexemónico. Aquí é onde a literatura impresa se pon a disposición do tecido de reivindicación nacionalista.

Mais o obxectivo inicial non parece que fose tanto “independizarse” da posición dominante dun xeito consciente, senón que esa aceptase, ao empregar como vehículo a transformación en positivo dos tópicos aldraxantes, a diversidade e pluralidade dentro do novo discurso liberal. España era a nación, como marco político, e Galiza era a patria, como marco sentimental (lembramos o que dixeran Pastor Díaz)³⁴. Pero esta identificación no sentimental levou axiña á identificación no político grazas, por unha banda, ao descubrimento e exaltación do propio (pasado, literatura, lingua, tradicións...) cun envoltorio político que difería en bastantes aspectos do considerado como o “propio” de España; e, por outra banda, á negativa recepción por parte dunha determinada elite intelectual española instalada nunha doutrina excluínle.

A esfera privada precedeu á esfera pública. Dos parladoiros de salón e botica (ámbitos ligados á intimidade e de acceso restrinxido) pásase aos ateneos, liceos e casinos (ámbitos abertos ao público e baixo acceso de “sufraxio censitario”). Na esfera pública intégranse os ouvintes, lectores ou simples espectadores que antes non tiñan posibilidade de participar nos círculos de ámbito privado. Por medio dos liceos ou ateneos establécese unha nova sociabilidade na cal a prensa servirá como punto de encontro e diverxencia nos debates de todo tipo (cultural, político, relixioso ou tecnolóxico). Mais os cafés serán seguramente o espazo social onde participe un maior número de persoas xa que a lectura pública en alto (que tamén se facía noutros lugares como nas prazas ou nos adros) e as vivas discusións acontecidas nas mesas son susceptíbeis de seren escoitadas por calquera espectador. Esta modificación dos costumes sociais e culturais foi de enorme transcendencia para a cultura do século XIX³⁵.

A esfera pública literaria será o reconto da publicación de diarios e periódicos que desenvolverán unha tarefa esencial na mediación entre o Estado e a cidadanía. A fundación dalgunhas cabeceiras era produto da existencia dun círculo social concreto que decide nalgunha hora expresar por escrito a súa opinión na prensa para mediar e participar no debate da opinión pública. Os textos escritos eran en numerosas oportunidades unha translación do debate nos círculos sociais. Porque, como apunta Jürgen Habermas, “la publicidad política resulta de la publicidad literaria; media, a través de la opinión pública, entre el Estado y las necesidades de la sociedad” (1982: 68). Logo, da esfera

³⁴ Víctor Balaguer, destacado intelectual da Renaixença, defendía o “engrandecemento” de España a partir do desenvolvemento das provincias (incluída a literatura e lingua). Balaguer é un dos representantes da formulación do sistema literario dialectal, como se pode cotexar nos seus discursos de ingreso na RAH (1876) e na RAE (1883).

³⁵ Pensemos nos parladoiros dos cafés madrileños, como *El Parnasillo*, que se celebraba no Café del Príncipe ou El Levante onde acudían os galegos Manuel Murguía, Alejandro Chao, Teodomiro e Serafín Aven-
daño e outros máis.

pública literaria³⁶, conformada nos citados ambientes, nacerá a esfera pública política. Anne-Marie Thiesse, na súa célebre *La creación de la identidades nacionales. Europa: siglos XVIII-XIX*, expón o seguinte:

No resulta menos evidente que la creación de periódicos juega un papel mayor en la difusión del sentimiento identitario, fundando una nueva forma y un nuevo cuadro de debates. La prensa [...] crea y estructura la opinión pública, define los temas y los envites de discusiones recuperadas oralmente en los círculos frecuentados por sus lectores que se hallan así incluidos en un espacio que excede al de sus experiencias personales y profesionales. (Thiesse 2010: 70)

Por esta razón é importante, no estudo da historia da literatura galega contemporánea, atender á creación dos círculos sociais (formais e informais) e o rol desempeñado pola prensa en toda esta engrenaxe, xa que os axentes socio-semióticos atoparán neste contexto o espazo de creación do discurso identitario así como a relación directa entre círculos e prensa. Deteñámonos nun exemplo³⁷.

A Academia Literaria fundouse no ocase de 1840. Imitaba o modelo do *Liceo Artístico y Literario* de Madrid. Nacía como un espazo de debate de distintas materias de interese xeral e de viva actualidade (como a pena de morte, a igualdade da muller ou o socialismo utópico). O principal impulsor foi o militar progresista Domingo Díaz de Robles (que ocupou o cargo de presidente dende setembro de 1841). O capitán xeneral de Galiza proporcionoulles unha sala do desamortizado mosteiro de San Martiño Pinario.

A esta institución pertenceu o máis representativo do provincialismo político: Antonio Neira de Mosquera, Antonio Romero Ortiz, José María Posada, José Domínguez Izquierdo, Antonio Valenzuela Ozores, Vicente Manuel Cociña, os irmáns Rúa Figueroa, Francisco Añón ou Antolín Faraldo. Moitos deles eran universitarios que denunciaban a parálise académica e optaban por participar nunha institución como a Academia Literaria por mor da súa nutrida actividade cultural (inexistente no ámbito estritamente da Universidade de Santiago de Compostela).

Precisamente Domingo Díaz de Robles foi o fundador e director d' *El Idólatra de Galicia*, que actuou de voceiro da Academia Literaria. Nas súas páxinas podemos percorrer, de xeito alternante, as actividades da asociación, dende veladas literarias a xornadas de teatro.

Esta Academia Literaria foi un importante lugar de sociabilidade dos provincialistas xa que nela se discutía sobre Galiza, o seu atraso, os problemas, o futuro que se debía

³⁶ Habermas, o introdutor da teoría da opinión pública, considera que a comunicación e a sociabilidade acontecidas nos *coffee-houses* ingleses, nos cafés franceses ou nas *tischgesellschaften* alemás constituíron a denominada esfera pública literaria.

³⁷ Outro exemplo válido para este caso sería o herculino *El Liceo Artístico y Literario de La Coruña* que publicaría o xornal *El Liceo* (1846), dirixido por José Puente y Brañas (antigo socio da Academia Literaria). Na inauguración desta institución o poeta Vicente Turnes lería unha composición lírica en galego "Á inauguración do Liceo Artístico e Literario da Cruña", que sería recollido anos despois en *El Álbum de la Caridad* (1862). Ou tamén o coñecido *El Liceo de la Juventud* (no cal participarán Manuel Murguía, Aurelio Aguirre, Rosalía de Castro ou Eduardo Pondal) que tiña, primeiro, en *El Santiagués* (1850-1851) e, despois, en *El Eco de Galicia* (1851-1852) os difusores das súas actividades grazas á presenza de Antonio Neira de Mosquera.

elaborar, o pasado común, a literatura propia, os relatos históricos ou as lendas populares. Todo está neste fervedoiro intelectual, cultura e política, e moitas actividades eran publicadas na prensa provincialista onde se redactaba, con pretensión de perpetuidade, a afirmación nacional de Galiza. Mírese o artigo “Últimas consideraciones sobre Galicia” onde o seu autor, Antolín Faraldo, pretende argumentar a especificidade galega³⁸. Así, dende ese espazo común trasladábase a posición política, cultural ou ideolóxica dos provincialistas por medio da prensa e para a discusión colectiva na esfera pública.

El Porvenir, dirixido por José Rúa Figueroa, Antonio Romero Ortiz e Antolín Faraldo, é considerado un dos máis senlleiros cabezallos daquel período. O radicalismo na postura política e cultural deulle un posto de referencia na prensa tanto galega como española (mírese a relación que mantivo con *Eco del Comercio* ou con *El Genio* de Víctor Balaguer en Cataluña). O apadriñamento efectuado por Ramón de la Sagra aportoulle un engado ideolóxico que o distinguía ante outras opcións periodísticas. A súa censura e peche por orde gubernativa concedéronlle un capital simbólico que chega deica os nosos días.

A investigadora Ríos Panisse destaca o papel realizado dende a prensa por Antolín Faraldo á hora de establecer os marcos identitarios no cales se movería o provincialismo político e, polo tanto, o discurso nacionalista galego.

Seguindo a Vereá [e Aguiar] buscounos unha orixe étnica propia (a celta), delimitou o territorio galego (o das *catro provincias unidas* que constitúen o *Antigo Reino de Galicia*) e dotounos dun alma cultural específica que el baseou na *organización sueva* e no *dogma cristiano* (neste último aspecto relixioso aplicando a Galicia as ensinanzas de De la Sagra). Ademais insinuou moitas das ideas logo empregadas para encamiñala nosa posible independencia (*atlan tismo e xermanismo fronte a mediterraneísmo e latinismo; europeísmo fronte a africanismo; idealismo romántico historicista fronte a pragmatismo clásico*[p. 159]) indicando o camiño do progreso, da abertura, da *comunicación* e a necesidade de aglutinar e formar un país por medio dunha *capital* que organizase o desenrolo equilibrado de Galicia”³⁹. (1993: 158-159)

Mais reparemos que Faraldo é o principal líder do provincialismo (foi secretario da xunta revolucionaria de 1846 onde levou a reivindicación nacionalista para denunciar a condición colonial de Galiza) e unha das figuras que participa activamente na elaboración desta expresión política. O vencello entre cultura e política exprésase de maneira rotunda na persoa de Faraldo e no xornal *El Porvenir* xa que nel publicará o artigo titulado “Nuestra bandera literaria”. O profesor Anxo Tarrío indica que deste preciso traballo, que levaba como subtítulo “¡Abajo las reglas, las escuelas y los maestros!”, xurdirá a literatura galega: “cando en 1845, no xornal de Santiago de Compostela *El Porvenir*, uns mozos universitarios, [...], proclamaban un manifesto titulado «Nuestra bandera literaria» a súa rebeldía, nacíaa literatura galega; quero dicir que se daba inicio ao proceso de formación da literatura galega contemporánea, iso que hoxe chamamos sistema literario galego” (Tarrío 2004: 446)⁴⁰.

³⁸ Cf. *El Recreo Compostelano*, nº 24 (26.12.1842).

³⁹ A cursiva está no orixinal.

⁴⁰ Tarrío aclara que o uso de *sistema literario galego* é unha licenza xa que o seu uso para aquela época resultaría un “abuso terminolóxico”. A cursiva está no orixinal.

Este apuntamento desvela a transcendencia do artigo de Antolín Faraldo onde a mestura entre liberdade cultural e nacional parece percorrer cada liña baixo unha luz romántica. Incluso as propostas sobre o que debía ser a cultura galega ten unha finalidade social e, polo tanto, política⁴¹. Porque o artigo-manifesto converteuse no conglomerado que de maneira máis lúcida recolle as motivacións daquela xeración de 1846 que vería truncada a súa loita coa derrota militar e os fusilamentos de Carral.

Á atinada anotación do profesor Tarrío cómpre incluír, nesta reflexión sobre a literatura galega enunciada pola Xeración de 1846, os “Apuntes para la historia de la literatura gallega”, asinada por Antonio Neira de Mosquera en 1841⁴². O autor alude os escritores con obra en galego e engade unha defensa da pertinencia deste idioma como lingua literaria. Este traballo matiza, na nosa opinión, que o inicio da configuración da literatura galega arrancase co texto de Antolín Faraldo⁴³.

MANUEL MURGUÍA COMO PEZA CENTRAL DO DISCURSO FUNDACIONAL DA IDENTIDADE E LITERATURA GALEGAS

A prensa provincialista estivo atenta á función que a literatura galega debía realizar dentro do artellamento do discurso identitario. Acabamos de poñer algúns exemplos na época dos anos 40. Esta relación manterase nos xornais herdeiros deste provincialismo xornalístico como foi o caso dos vigueses *La Oliva* (1856-1857; 1868-1873) e *El Miño* (1857-1868)⁴⁴, ou do coruñés *Galicia. Revista universal de este Reino* (1860-1865). Centrémonos na función desempeñada por Manuel Murguía pois como sinala Even-Zohar “existen también innegables evidencias de acciones individuales deliberadas en la configuración de repertorios, cuyo éxito puede atestigüarse a través de la Historia” (1999: 40).

Este foi o encargado de asentar as bases do que é a literatura galega, as fontes de creación e cales aspiracións debía ter. Unhas veces fíxoo de maneira directa en distintos artigos publicados na prensa ao longo da súa extensa vida; noutras ocasións atopamos o seu maxisterio en obras doutros autores que se suman ás teses do historiador (pensemos no volume titulado *La literatura gallega en el siglo XIX* de Carré Aldao ou na obra poética de Eduardo Pondal⁴⁵). Mais tamén incorporou a teorización nacional de Galiza.

⁴¹ Nas páxinas d’*El Porvenir* publicábase o romántico poema “O desconsolo” de Alberto Camino, que valía de exemplo para expresar o concepto de literatura e arte galegas que tiñan os redactores do periódico provincialista.

⁴² *El Idólatra de Galicia*, nº 4 (1841).

⁴³ Non esquezamos, tampouco, a estreita relación de Faraldo e Neira de Mosquera que se percibe no traballo mancomunado nas páxinas d’*El Recreo Compostelano*.

⁴⁴ Manuel Murguía sería director literario da primeira xeira de *La Oliva* e, durante un tempo, director d’*El Miño* (en ausencia de Juan Compañel). Este situouse como un elemento central do Rexurdimento tanto polo seu traballo impresor como xornalístico. Para afondar na súa personalidade e actividade pódese consultar o traballo “Juan Compañel Rivas (1829-1897), alén do editor do Rexurdimento”, en *Grial*, nº 195 (2012), que asinamos nós mesmo.

⁴⁵ Tanto Carré coma Eduardo Pondal foron membros da Cova Céltica, parladoiro coruñés onde Murguía exerceu a súa docencia.

Por mor da súa temperá publicación interésanos destacar os artigos “De las diversas causas que han influido de una manera desfavorable en el desarrollo de nuestra literatura provincial”⁴⁶, “Del poeta de Galicia”⁴⁷ e “Poesía gallega contemporánea”⁴⁸ xa que neles explica o seu concepto de literatura galega que se manterá na súa traxectoria vital. O autor distingue nestes traballos a literatura galega da literatura española. Na primeira existe inspiración, estilo, cosmovisión e temática propias resultado dun “xenio nacional”. A lingua sumarase axiña como outro elemento que, co tempo, resultaría central ao situar o criterio filolóxico no epicentro da distinción dos campos literarios. Belén Fortes, no seu libro *Manuel Murguía e a cultura galega*, destaca a seguinte relación de diferenzas entre a literatura galega e a española que fixo Murguía: fondo/forma, espontaneidade/artificio, sentimento/imaxinación, tristeza e melancolía/optimismo e arrogancia, suavidade e dozura/aspereza e dureza, poesía subxectiva/poesía obxectiva e unha métrica que segue o estilo popular (2000: 82-87). Nas palabras previas do *Diccionario de escritores gallegos* o propio historiador asevera: “No puede negar nadie que tenemos un sentimiento poético propio y distinto del de la raza ibérica” (1862: XXIX). Belén Fortes asegura que “o principal obxectivo literario de Murguía, coincidente co espírito do Rexurdimento, é consolidar unha literatura galega «en galego»” (2000: 58). Con certeza, a defensa dunha escrita na lingua propia afianzouse co paso do tempo na centralidade do pensamento de Murguía (léase o seu discurso nos Xogos Florais de Tui en 1891).

Neste proceso de situar o idioma na cerna da literatura galega resultou importante a recuperación e difusión do folclore que o propio historiador reclamara e traballaría⁴⁹ coma outros persoeiros da súa xeración como Marcial Valladares, Saco e Arce, Marcial del Adalid ou Pérez Ballesteros. O fundamento popular das cantigas e do folclore ten un especial protagonismo nos *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro onde se eleva a poesía culta a chamada poesía popular, onde se mestura a creatividade excepcional dunha muller coa creatividade do xenio colectivo do pobo. Anxo Angueira escribe na introdución á súa edición da obra de Rosalía de Castro: “Das *Copras* ós *Cantares* o sistema literario galego atopa no repertorio da lírica popular, considerado xeralmente como un marxinal literario, unha referencia á que lle concede valores fundamentais, estratéxicos” (2013: 35).

Pero, á vez, Manuel Murguía foi o responsábel das inclusións e exclusións dos autores da literatura galega segundo o seu subxectivo criterio. Na obra *Los precursores* (1885), o autor deixa fóra da nómina a importantes figuras do Rexurdimento, nalgúns casos por coñecidas discrepancias persoais (Lamas Carvajal) e noutras por motivos por nós descoñecidos (Xoán Manuel Pintos, Francisco Añón, Alejandro Chao, Juan Compañel ou Curros Enríquez). Coa mesma valoración escribe Barreiro Fernández na súa voluminosa biografía sobre o “pontífice do rexionalismo”: “se Murguía pretende facer un libro de historia no que se tome nota dos esforzos e traballos en prol da rehabilitación cultural de Galicia, entón é parcial e mesmo sectario” (2012: 464).

⁴⁶ Cf. *La Oliva*, nº 96 (31.12.1856), nº 97 (3.1.1857), nº 101 (17.1.1857) e nº 102 (21.1.1857).

⁴⁷ Cf. *La Oliva*, nº 125 (21.3.1857).

⁴⁸ Cf. *El Museo Universal*, nº 2 (30.1.1858) e nº 4 (28.2.1861).

⁴⁹ O resultado foi a recompilación inédita e anunciada sob o título de *Rimas populares de Galicia*.

Nesta operación de “memoria discursiva” Murguía ocupa unha posición central tanto pola súa faceta de ideólogo do nacionalismo galego como pola súa destacada investigación histórica e cultural publicada en libros ou prensa⁵⁰ e pola súa relación coa poeta-modelo do Rexurdimento, a súa dona Rosalía de Castro, o que lle reporta un capital simbólico entre a *intelligentsia* galega. Pois, novamente, unha figura chave dentro da construción do discurso nacional e da estratexia de resistencia que ten unha potente influencia na configuración do sistema literario galego que se mirará sometido ás esixencias ou condicionantes do proceso nacionalista.

A tarefa desenvolta resultou ser unha estratexia constitutiva da cultura nacional en que se homoxeneízan diferenzas e se crea un espazo propio no cal as reivindicacións nacionais están presentes na produción de obras de arte. A creación artística debe conter elementos que fagan constar a distinción ou diferencialidade galega para ser considerada por parte da nómina nacionalista como produtos autónomos e non dependentes do sistema hexemónico. Así vaise configurar unha literatura protonacional galega que precisará de símbolos nacionais, de persoeiros que acumulen, como mínimo, dúas funcións: seren expresións artísticas de certo valor onde a pegada identitaria sexa visíbel e estaren lexitimadas ou consideradas positivamente polo pobo galego.

O principal símbolo nacional será Rosalía de Castro, que logo da súa morte experimentou todo un proceso de mitificación e canonización que ten pegada aínda no presente. Precisamente en *Los precursores* observamos as liñas desa elaboración ideal que se consolidarán nos anos seguintes, sobre todo cos traballos publicados co gallo do traslado dos restos mortais de Padrón a Compostela en 1891.

Mais o discurso cultural de Manuel Murguía precisaba institucionalizarse⁵¹. Este feito chegou da man da constitución da Real Academia Galega, promovida dende os círculos cubanos da emigración onde salientan José Fontela Leal e Manuel Curros Enríquez. A aparición da RAG supoñía o nacemento dunha institución propia e independente con respecto a outras do Estado español. O feito de constituírse como academia das letras galegas e non como sociedade folclórica, como promovera anos antes Emilia Pardo Bazán⁵², dotouna de maior prestixio e (potencial) valoración social. Sobre todo

⁵⁰ Cf. o prólogo do primeiro tomo da *Historia de Galicia* ou *El regionalismo gallego*; os traballos dedicados ás lendas, tradicións e cantigas populares; ou os artigos relacionados directamente coa literatura galega dos cales destacamos os publicados en *La Oliva*.

⁵¹ “La institución se define como el conjunto de factores implicados en el control de la cultura. La institución regula las normas, sancionando algunas y rechazando otras. También remunera y reprime a productores y agentes. Determina qué modelos –y qué productos cuando éstos son relevantes– serán conservados por una comunidad por un largo período de tiempo. En pocas palabras, la institución puede verse, al igual que el mercado, como la intermediaria entre las fuerzas sociales y los repertorios de la cultura” (Even-Zohar 1999: 49).

⁵² A instancia de Antonio Machado, Emilia Pardo Bazán participa na fundación en 1884 da sociedade *El Folklore gallego* da cal sería presidenta. Dez anos despois trataría de refundala como academia pero non se levou a cabo tal operación. As desavinzas entre Pardo Bazán e Murguía inicianse cando esta pronuncia en 1885 o coñecido discurso, “La poesía regional gallega”, no cal desprestixia a lingua galega (“el dialecto [...] en países como el nuestro [...] las clases educadas ni lo hablan ni lo escriben”) ao considerala inválida alén do paisaxismo e do sentimentalismo e alerta do perigo “separatista” que, segundo ela, se desprendía das reivindicacións do rexionalismo.

subliñamos ese grao de autonomía que facilitaba a consolidación do discurso identitario por medio da cultura e unha maior expansión social polo interese que xerarán as súas actividades dentro da prensa e dos círculos sociais galegos e foráneos. Mais tamén cómpre advertir verbo da relevancia do seu exercicio de potestade sobre toda a literatura galega e que cada vez era máis recoñecido dentro dos ámbitos culturais.

Xustamente será Manuel Murguía o primeiro presidente da academia cun mandado que abrangueu dende o ano 1906 até a súa morte en 1923. Un período en que puido defender o seu concepto de nación e de cultura galegas fronte aos ataques de desconsideración e infravaloración da nosa terra dirixidos nesta volta contra a institución académica. A súa presidencia, que contou co apoio efectivo dos membros da Cova Céltica (que xogaron outro destacado papel para confirmar a Murguía como o patriarca das letras galegas) supuxo o triunfo da súa proposta de lectura histórica fronte aquelas cheas de prexuízos contra o idioma galego (lemremos a consideración de Pardo Bazán sobre a nosa lingua no discurso de 1885).

ALGUNHAS NOTAS A XEITO DE CONCLUSIÓN

O título deste artigo remítenos á obra, xa clásica, *Nación, literatura, identidade* (2001) de Antón Figuerola, onde se formulan varias teses de análise e traballo sobre o tema aquí tratado que para nós son de referencia. Estas tres palabras (nación, literatura, identidade) revélanse no prólogo dos *Cantares gallegos* que supón un manifesto expositivo e reivindicativo do Rexurdimento. Para Anxo Angueira trátase dunha “alegoría nacional bastante diáfana, construída a partir dunha necesidade de reparación principal, que é a formulada no prólogo, a da dignidade (lingua, cultura, paisaxe)” (Castro 2013: 68). Por isto, a lingua, a cultura e a paisaxe convertéronse en motivos políticos que, por medio da literatura aquela no principal sustento da memoria cultural, facilitaron a divulgación das teses provincialistas. Estes elementos constitutivos do discurso identitario están presentes nas obras de Xoán Manuel Pintos, Pondal ou Curros Enríquez. En todos eles existe a vontade (con ou sen intención reivindicativa) de empregar a creación literaria como expresión da diferencialidade pois, como dixemos anteriormente, o simple feito de escoller a lingua da posición dominada xa era de por si un acto de rebeldía (consciente ou non) ante o sistema literario español, é dicir, o sistema dominante na medida en que o castelán aseguraba un maior público potencial e a inclusión nos circuitos das elites culturais españolas.

A construción da tese identitaria fundaméntase no dualismo do propio-allo sen que isto supoña un enfrontamento ou se torne en conceptos rivais no canto de complementarios ou parellos (sistema literario dialectal). Nunha primeira etapa, en que o provincialismo político se sentía integrado nas correntes maioritarias do Estado español (sobre todo democratismo e progresismo) establécese unha distinción política e cultural entre o Estado español e Galiza como patria política, a primeira, e a patria sentimental, a segunda. Pero axiña, na medida en que o discurso provincialista careceu de receptores no liberalismo español e fracasou o intento nacionalizador do propio estado, a procura da dis-

tinción entre o noso e o deles xa se fixo cunha clara vontade diferencialista e, en certo modo, de rivalidade política cando se produce o fracaso republicano de 1873 e o comezo da Restauración. A competencia polo mesmo espazo non deixaba lugar a unha complementariedade que se tratou de instaurar nos anos centrais do XIX.

Por outra parte, os suxeitos adscritos ao provincialismo político produciron e acumularon os elementos necesarios para crear a demanda dunha literatura inserida na realidade nativa e escrita na lingua galega. Á vez a interpretación crítica fíxose dende unha perspectiva do que González-Millán chamou nacionalismo literario. Incluso propiciaron o estudo da lingua (tratada pexorativamente durante séculos) ao comprendela como unha peza constitutiva e central para constituíla na teoría nacionalista. Pensemos nos traballos gramaticais de Francisco Mirás (*Compendio de gramática gallega-castellana*, 1864) ou de Saco e Arce (*Gramática gallega*, 1868); nos lexicográficos de Francisco Xavier Rodríguez (*Diccionario gallego-castellano*, manuscrito de 1854) ou Luís Aguirre del Río (*Diccionario del dialecto gallego*, 1858); cando non na recompilación de cantigas e folclore popular.

Os Cantares de Rosalía de Castro publícanse nun contexto histórico, sociopolítico, que cómpre coñecer tanto como o contexto previo á publicación⁵³. Como explicamos que Juan Compañel, un modesto editor e impresor de simpatía nacionalista, que dirixía *El Miño* perseguido pola censura (con importantes multas económicas), se arriscase a publicar esta obra? Coidamos que é importante estudar esa intelligentsia galega: as súas redes de comunicación privada, os espazos de sociabilidade, os graos de participación económica nos produtos galegos (reparemos nos nomes dos subscritores das obras publicadas polos provincialistas) ou a subscrición á prensa afín ás teses identitarias. Estas persoas eran herdeiras dunha xeración e un pensamento (a da francesada e a defensa do Reino de Galiza) e, inoculados polas doses do romanticismo e o nacionalismo espallados por toda Europa, acabaron por alentar a demanda dun produto escrito en galego e cun contido patriótico. Neste sentido tentamos reivindicar a existencia dun esforzo colectivo previo, inserido nunha posición partidaria a prol do provincialismo, que foi capaz de constituír a atmosfera proclive á literatura escrita na lingua de Galiza. Unha minoría ou elite de escasa representatividade social que encaixa co intre de transición da primeira á segunda fase do esquema trifásico dos movementos nacionais que analizou Miroslav Hroch⁵⁴.

En boa medida a tese provincialista triunfaría no futuro e no futuro triunfaría a posición literaria enunciada por Manuel Murguía en 1856-58, que conecta levemente cos enunciados da literatura galega feitos por Neira de Mosquera e Faraldo. A traxectoria de Murguía recolle o continuado contacto entre política e literatura nun modelo en que, amodiño, o criterio filolóxico se situaría no centro da interpretación do que é o sistema literario galego. Coidamos que o polígrafo sinala xa nestes artigos de 1856-58 o modelo

⁵³ Lembremos que no período pleno do Rexurdimento Europa vivía o *Risorgimento* italiano e a desintegración do Imperio Austriaco (que faría emerxer as demandas doutros pobos). Pero reparemos tamén nas diferenzas que existen entre o Rexurdimento e a Renaiñza ou, xa tardiamente, na construción da identidade vasca en aspectos como a orixe social dos seus suxeitos, o avance/retraso industrial, o enraizamento do liberalismo, do carlismo ou fuerismo, o elemento relixioso etc.

⁵⁴ Cf. *Comparative studies in modern European history. Nation, nationalism, social change* (2007).

estético e lingüístico da nosa literatura que provocará as tensións de campo advertidas, sobre todo, na polémica entre Pardo Bazán e o citado historiador.

Rosalía de Castro foi testemuña da segunda edición dos Cantares gallegos (1872) o que significaba o recoñecemento do valor literario, a existencia do interese pola escrita en galego pero tamén un pulo ao valor identitario que se desprendía daquelas páxinas⁵⁵. No século seguinte constataríase a canonización de Rosalía de Castro e a súa obra: deixaba de ser un produto dirixido a unha elite restrinxida para ser consumido polo máis amplo abano de individuos da nación galega⁵⁶.

O repertorio literario instaurado durante o Rexurdimento é debedor dos principios provincialistas, como podemos observar nalgúns dos principais escritores. A exaltación da lingua galega atopámola en cada folla d'A gaita gallega de Xoán Manuel Pintos. A distinción do pasado celta e o feito de pertencer á raza celta (que tería unha expresión poética distinta da raza mediterránea) inundou a obra de Eduardo Pondal. Os costumes e as cantigas populares como expresións do xenio creador dunha nación está presente en Valentín Lamas Carvajal, Manuel Curros Enríquez ou na propia Rosalía de Castro. A denuncia social, que estaría intimamente ligada ao pensamento político máis avanzado, deambula en varios autores do renacemento moderno.

A historia da literatura galega contemporánea debера afrontarse nun futuro tomando en consideración, co seu debido peso, a influencia do pensamento provincialista e o rol desenvolto polos escritores na creación do discurso identitario. Esta análise debера recoller o enfoque sociolóxico para comprender dunha maneira máis global as complexas redes interpersoais, os espazos de encontro e debate político-cultural e a función que a prensa nacionalista ou protonacionalista realizou ao longo do século XIX ao intervir na opinión pública cun discurso propio que marcaba a distancia coa metrópole. Para nós é difícil comprender e estudar a literatura se non consideramos os factores externos e internos do sistema literario galego.

BIBLIOGRAFÍA

- ANEIROS, Rosa; BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón e MARÍÑO PAZ, Ramón (2008) *Pa-pés d'emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846*. Compostela, Consello da Cultura Galega.
- ANGUEIRA, Anxo (2013) *Das Copras de Sarmiento ós cantares de Rosalía de Castro. Cara a unha nova periodización do Rexurdimento*. Berlín, Frank & Time.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (2012) *Murguía*. Vigo, Editorial Galaxia.

⁵⁵ Por exemplo os primeiros poemas traducidos ao catalán, e publicados en 1886, foron “Castellanos de Castilla” e “A gaita gallega”. A tradución fixoa un dos grandes nomes da Renaixença: Víctor Balaguer.

⁵⁶ Cómpre avaliar noutro sitio o rol desempeñado polo nacionalismo musical, dende a composición até o fenómeno do coralismo, como vías de popularización de creacións literarias (reparemos na “Negra sombra” de Rosalía de Castro ou “Unha noite na eira do trigo” de Curros Enríquez).

- BOGUSZEWICZ, Maria (2009) “A difusión e recepción dos primeiros textos impresos en galego no século XIX”. *Itinerarios* (Varsovia). 9: 227-245.
- BOURDIEU, Pierre (1991) *El sentido práctico*. Madrid, Taurus.
- CABALLERO, Fermín (1864) *Fomento de la población rural*. Madrid, Imprenta Nacional.
- CASTRO, Rosalía de (2013) *Cantares Gallegos*. Edición de Anxo Angueira. Vigo, Edicións Xerais.
- EVEN-ZOHAR, Itamar (1994) “La función de la literatura en la creación de las naciones de Europa”. En: Darío Villanueva (ed.) *Avances en teoría de la literatura: estética de la recepción, pragmática, teoría empírica y teoría de los polisistemas*. Compostela, Universidade de Santiago de Compostela: 357-377.
- (1999) “Factores y dependencias en la cultura. Una revisión de la teoría de los polisistemas”. En: Montserrat Iglesias Santos (ed.) *Teoría de los polisistemas*. Madrid, Arcos/Libros: 23-52.
- FIGUEROA, Antón (2001) *Nación, literatura, identidade*. Vigo, Edicións Xerais.
- FORTES LÓPEZ, Belén (2000) *Manuel Murguía e a cultura galega*. Compostela, Sotelo Blanco Edicións.
- GONZÁLEZ MILLÁN, Xoán (1995) “Do nacionalismo literario a unha literatura nacional. Hipóteses de traballo para un estudio institucional da literatura galega”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos* (Vigo). 1994: 67-81
- (1997) “¿Etnia ou nación? Algúns desafíos na articulación conceptual do fenómeno nacionalitario”. *A Trabe de Ouro* (Compostela). 32: 451-470.
- (1998) “O criterio filolóxico e a configuración dunha literatura nacional: achegas a un novo marco de reflexión”. *Cadernos de Lingua* (A Coruña). 17: 5-24.
- (1999) “A teoría dos campos sociais en P. Bourdieu”. En: Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra (coordas.) *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*. T. I. Compostela, Universidade de Santiago de Compostela: 1213-1225.
- (2000) *Resistencia cultural e diferenza histórica*. Compostela, Edicións Sotelo Blanco.
- GUTIÉRREZ GARCÍA, Salvador (2007) “La lírica gallegoportuguesa en los procesos de hegemonización y canonización de la literatura gallega”. *Anuario de Estudios Medievales*. 37(1): 245-265.
- HABERMAS, Jürgen (1982) *Historia y crítica de la opinión pública* (2ª edición). Barcelona, Gustavo Gili.
- MARIÑO PAZ, Ramón, ed. (2012) *Papés d’emprenta condenada (II). Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea*. Compostela, Consello da Cultura.
- MARTÍNEZ GONZÁLEZ, Xurxo (2014) “Rosalía de Castro, a ponte entre o Rexurdimento e a Renaixença”. *eHumanista/IVITRA* (California). 5: 170-189.
- e RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Olivia, eds. (2013) *Recuerdos de agosto. Obra poética, 1850-1858*. Compostela, Alvarellos Editora.
- MURGUÍA, Manuel (1862) *Diccionario de escritores gallegos*. Vigo, Establecimiento Tipográfico de D. Juan Compañel.
- PASTOR DÍAZ, Nicomedes (1867) *Obras de Don Nicomedes Pastor Díaz*. T. III. Madrid, Imprenta de Manuel Tello.
- RÍOS PANISSE, María do Carmo (1993) “Nuestra Bandera Literaria de Antolín Faraldo, primeiro manifesto artístico galeguista”. *Anuario de Estudios Galegos* (Vigo). 2: 157-171.

- RIQUER, Borja de (2000) *Identitats contemporànies: Catalunya i Espanya*. Vic, Eumo.
- (2001) *Escolta, Espanya. La cuestión catalana en la época liberal*. Madrid, Marcial Pons.
- RUBIO POBES, Coro (1999): “La construcción de la identidad vasca (siglo XIX)”. *Historia contemporánea*. 18: 405-416.
- TARRÍO VARELA, Anxo (2004) “Identidade literaria e referentes interliterarios. Algunhas consideracións a propósito da literatura galega”. En: Anxo Abuín González e Anxo Tarrío Varela (eds.) *Bases metodolóxicas para unha historia comparada das literaturas na Península Ibérica*. Compostela, Universidade de Santiago de Compostela: 445-459.
- THIESSE, Anne-Marie (2010) *La creación de la identidades nacionales. Europa: siglos XVIII-XIX*. Madrid, Ensenada de Ézaro.